

AXUNTAMENTO DE BUEO

Escritura de Soliño de Correspondencia

N.º 6650

Data -2 DIC. 1997

Mano felpeto

ARQUEOLOXÍA

MEMORIA TECNICA PROSPECCION ARQUEOLOXICA

ELABORACION DO PLAN ESPECIAL
DE PROTECCION
DO ESPACIO NATURAL DOS
ACANTILADOS DE PUNTA UDRA E
ENSEADAS DE TULLA, MOURISCA E
ANCORADOIRO

Parroquia de Sta. María de Beluso

Concello de Bueu

(Pontevedra)

MEMORIA. 4

1.- Ficha técnica 5

2.- Memoria descriptiva 7

2.1.- Antecedentes.

2.2.- Situación.

2.2.1.- Area de intervención.

2.2.2.- Concello de Bueu (Pontevedra).

2.2.3.- O patrimonio cultural do Concello.

2.3.- Obxecto da intervención arqueolóxica.

2.4.- Metodoloxía.

2.4.1.- Traballo previo de gabinete.

2.4.2.- Traballo de campo.

2.5.- Resultados.

2.5.1.- Referencias previas.

2.5.1.1.- Xenéricas.

2.5.1.2.- Concretas.

2.5.2.- Elementos patrimoniais inéditos.

2.5.2.1.- Bens inmóbeis.

2.5.2.2.- Bens móbeis.

2.6.- Bens de carácter arqueolóxico.

2.6.1.- Castro de Udra.

2.6.2.- Pecio de Punta Udra.

2.6.3.- Villa de Praia de Mourisca.

2.6.4.- Chan de Encoradoiro/Puzo/Con.

2.7.- Bens de carácter etnográfico.

2.7.1.- "Abrigos" de Praia de Encoradoiro.

2.7.1.1.- Abrigo I.

2.7.1.2.- Abrigo II.

2.7.1.3.- Abrigo III.

2.7.2.- Bateria Militar de Costa "J-2".

2.7.3.- Factoría Salgado de Praia Mourisca.

2.7.4.- Factoría Salgado de Praia Encoradoiro.

DOCUMENTACION. 64

3.- Documentación bibliográfica 65

 3.1.- Bibliografía **

4.- Documentación gráfica 70

 4.1.- Índice de planos.

 4.2.- Índice de fotografías.

DEPOSITO DE MATERIAIS. 93

MEMORIA

... para a ...
... do ...
... do ...
... do ...

1.2. SITUACION:

... do ...
... do ...
... do ...

1.3. INSTITUCION PROMOTORA:

Conselho de Buro (Pontevedra)

1.4. AUTORIZACION E AVAL CIENTIFICO:

Dirección de ...
de Cultura e ...

1.- FICHA TECNICA

1.5. DATA DA AUTORIZACION:

15 de outubro de 1997

1.6. DIRECCION DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA:

Manuel-Angel LOPEZ-FELIPE DOMEZ

Avda. de Lugo, 303, 31

15.701 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Tel. + 991 58 72 37 / 991 50 56 76

1.7. DATA DA INTERVENCIÓN:

7/10/97 - 16/10/97

1.1.- TITULO:

Memoria Técnica da prospección arqueolóxica para a elaboración do Plan Especial de Protección do Espacio Natural dos acantilados de Punta Udra e enseadas de Tulla, Mourisca e Acoradoiro (Sta. María de Beluso, Bueu - Pontevedra-).

1.2.- SITUACION:

Espacio Natural dos acantilados de Punta Udra e enseadas de Tulla, Mourisca e Acoradoiro. Parroquia de Santa María de Beluso, concello de Bueu, provincia de Pontevedra.

1.3.- INSTITUCION PROMOTORA:

Concello de Bueu (Pontevedra).

1.4.- AUTORIZACION E AVAL CIENTIFICO:

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Comunicación Social -Xunta de Galicia-).

1.5.- DATA DA AUTORIZACION:

15 de outubro do 1.997

1.6.- DIRECCION DA INTERVENCION ARQUEOLOXICA:

Manuel-Anxo LOPEZ-FELPETO GOMEZ

Avda. de Lugo, 105, 3º

15.702 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Tfno.: 981 55 73 37 / 939 50 96 26

1.7.- DATAS DA INTERVENCION:

21/10/97 - 26/10/97

1.1 - SITUACION

El presente informe describe el estado de conservación de los bienes culturales que forman parte del patrimonio histórico-artístico de la zona de intervención...

El presente informe describe el estado de conservación de los bienes culturales que forman parte del patrimonio histórico-artístico de la zona de intervención...

1.7 - SITUACION

2.- MEMORIA DESCRIPTIVA

2.1.- Área de Intervención

A Área de Intervención arqueológica (PI) correspondiente al conjunto de Espacio Histórico Cultural "Cerro de la Cruz" (PI) 21 rue Nueva Complutense y Subsidiarias de Patrimonio Provincial de Pontevedra (BOA 94 17, 1988/01/24, p. 84).

Esta zona se encuentra situada en el sector sur de la zona de intervención...

El presente informe describe el estado de conservación de los bienes culturales que forman parte del patrimonio histórico-artístico de la zona de intervención...

2.1.- ANTECEDENTES:

A presente Memoria reflexa os resultados da Prospección Arqueolóxica realizada a petición do Concello de Bueu (Pontevedra), e considerada como parte indispensábel para a localización, valoración, análise e inclusión do Patrimonio Arqueolóxico na elaboración do Plan Especial de Protección do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Ancoradoiro.

Dita intervención contou coa preceptiva autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Comunicación Social (data 1997/10/15).

2.2.- SITUACION:

2.2.1.- Area de intervención:

A área de intervención arqueolóxica (Pl. 4) correspóndese integramente co Espacio Natural denominado "Punta Udra" delimitado (Pl. 2) nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial de Pontevedra (DOGA nº 17, 1990/01/24, p. 646).

Dito espacio ocupa aproximadamente a metade noroccidental da parroquia de Santa María de Beluso (Concello de Bueu, Pontevedra), estando estremado polas seguintes coordenadas:¹

¹.- Levantamento fotogramétrico. Consellería de Ordenación do Territorio. Xunta de Galicia". Esc. 1:10.000; Follas: 185-41, 223-11.

- Extremo SW ("Punta Testada"):

XEOGRAFICAS:

Lat. N: 42° 19' 29"

Lonx. W: 08° 49' 27"

U.T.M.:

X: 514.480

Y: 4.685.620

- Extremo NW ("Cabo Udra"):

XEOGRAFICAS:

Lat. N: 42° 20' 24"

Lonx. W: 08° 50' 14"

U.T.M.:

X: 513.415

Y: 4.687.630

- Extremo E ("Enseada de Carcamáns"):

XEOGRAFICAS:

Lat. N: 42° 20' 09"

Lonx. W: 08° 47' 51"

U.T.M.:

X: 516.670

Y: 4.687.170

O sustrato xeolóxico da área (*García Salinas, 1981*) é de granodiorita con megacristais de feldespato.

2.2.2.- Concello de Bueu (Pontevedra):

O Concello de Bueu (Pl. 1) está situado ao sudoeste de Galicia, no centro-oeste da provincia de Pontevedra.

Dentro da nova distribución comarcal de Galicia, atópase encadrado na denominada de O Morrazo xunto cos concellos de Cangas, Marín e Moaña.

Os seus lindes territoriais, a máis dos comúns cos devanditos concellos de Marín (NE), Moaña (SE) e Cangas (SW), están determiñados polo Océano Atlántico (N e W) quén forma as rías de Pontevedra (N) e de Aldán (W).

As súas coordenadas son as seguintes (*Fariña, 1993:207*):

- Latitude N: 42º 19'
- Lonxitude W: 08º 47'

A súa superficie é de 26,39 km² sendo a súa poboación de 12.506 habitantes (*Caeiro González, 1996:4*) repartidos entre 6 parroquias (Pl. 1):

- ILLA DE ONS, A (S. Xoaquín)
- BELUSO (Sta. María)
- BUEU (S. Martiño)
- BUEU (Núcleo urbano)
- CELA (Sta. María)
- ERMELO (Santiago)

O seu relevo (*Caeiro González, 1996:7-8*) está determinado por factores tectónicos ligados á xénese da ría de Pontevedra da que forma parte. Participa das características xeográficas da península do Morrazo, estando atravesado o concello por unha falla en dirección norte-sur que forma unha pequena depresión cuberta por materiais sedimentares e que constitúe un

importante eixo natural de comunicacións.

A costa é baixa e areosa. Na súa maior parte son cantís nos que alternan pequenas enseadas separadas por cabos, como os de Udra e Cabalo. Destacan entre daquelas as de Carcamáns, Bou e Bueu, esta última resgardada dos temporais por un grande condenominado Cabalo de Beluso, e a punta de Montalvo. Existen numerosas praias: a de Lapamán, Agrelo-Portomaior, Loureiro, Mourisca, Tulla, Areas de Bon e Lagos.

Esta chaira costeira vai paralela ás alturas do Morrazo. Os montes do Cereixo, Sarraseca, Chans e Costa Grande, forman tres vertentes con igual número de regatos que desaugan no mar, sendo as cotas máis elevadas os montes Esculca (320 m), Liboreiro (200 m), Udra (91 m), Ermelo (402 m) e Faro (128 m), éste na Illa de Ons.

A parte insular está formada polas illas de Ons e Onza (ou Onceta), e os illotes Centolo e Freitasosa.

Tocante á rede fluvial, discorren polo termo municipal cara a Aldán, o río da Igrexa, que nace en Ermelo (tomando no seu curso os nomes, entre outros, de Río dos Frades e Augaelevada) e o Portela, que nace no lugar do mesmo nome e é afluente do anterior, desembocando, xa un só, na praia da Ribeira. En Aldán, na devesa de Rui, nace o río Nocedo que desemboca na praia de Reventón. En Ermelo, asemade, nace o río Esperón cara a Coiro. A ría de Pontevedra van morre-los ríos da Pena, Inferno e Frade.

No referente aos solos, cunha capacidade productiva media, os máis abundantes son os do tipo C, D e E, o que amosa a súa pobreza. En relación ao seu uso e aproveitamento, predominan as superficies forestais (56%), das que dous tercios son montes madeireiros e o resto leñosos, cubrindo os cultivos o 25,6%.

2.2.3.- O Patrimonio Cultural do Concello:

Tocante ao Patrimonio Cultural de Bueu, á marxe da documentación consultada no transcurso da presente intervención (que afecta tan só a unha pequena parte do concello), remitímonos ao rexistrado nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (Inventario do Patrimonio Cultural, Provincia de Pontevedra -DOGA, nº 135, 1991/07/16-), nas que consta o seguinte:

Denominación *Parroquia/Lugar*

ARTE:

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Ermida de San Nomelio.....	Beluso
Capela dos Stos. Reis.....	Valado
Capela do Pazo.....	Santa Cruz
Igrexa parroquial.....	Beluso
Igrexa parroquial.....	Cela
Igrexa parroquial de Ermelo.....	Bueu
Igrexa parroquial de San Martiño.....	Bueu

ARQUITECTURA CIVIL

CASAS E PAZOS

Casa ou granxa de Ourel.....	Beluso
Casas do Torrón.....	Cela
Pazo de Aldao ou Casa das Picas.....	Bueu
Pazo de Castrelo ou Casa da Cova.....	Bueu
Pazo de Santa Cruz.....	Bueu

O Concello de Bueu figura tamén na "Relación de Espacios Naturais" da provincia de Pontevedra elaborado pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (DOGA Nº. 17, 1990/01/24) por mor das seguintes áreas:

- 2: Illas de Ons e Onza:
 - 2a: Illa de Ons (páx. 630).
 - 2b: Illa de Onza (páx. 631).
- 7: Punta Udra (páx. 646)
- 20: Carballal de Coiro -común aos concellos de Cangas e Moaña- (páx. 667).

2.3.- OBXECTO DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA

O obxectivo xeral da intervención realizada, estivo constituído, como xa se expuxo no Proxecto previo (*López-Felpeto, 1997*) pola necesidade de acadar a maior información posíbel sobre os elementos patrimoniais presentes na área á que afecta a elaboración do Plan Especial de Protección do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Ancoradoiro, a fin de os incluír naquel.

Asemade, ese obxectivo, ademais de pretende-lo coñecemento deses mesmos elementos e a súa situación, contemplou, de xeito especial, pretensións avaliativas que xirasen en redor da adscrición temporal, o estado actual e as interrelacións entre os propios bens, así como a exposición de criterios seguidos para tais asimilacións.

Cómpre salientar que ao se tratar dunha observación superficial estivo sometida necesariamente aos factores físicos de dependencia (vexetación, exposición circunstancial de materiais arqueolóxicos en superficie...).

É obvio, pois, que tódolos plantexamentos, tanto dos obxectivos como metodolóxicos, foron pensados en función da

adquisición do grao máximo de información nos aspectos patrimoniais que nos preocupaban para a área de intervención, e iso supuxo non só a tentativa de identificación de xacementos arqueolóxicos *stricto sensu*, senón tamén de calquera indicio (referencias orais ou escritas, materiais illados, ...) que, incluso baixo a dependencia da súa validación a traveso do emprego de técnicas de prospección non exclusivamente superficiais, susceptíbeis de seren aplicadas a posteriori, nos aportasen un maior coñecemento.

Neste senso, e tal e como consta no apartado da estrutura metodolóxica, a intervención realizada non só se apoiou na prospección propiamente dita, senón nun labor previo de gabinete (consulta dun amplo abano documental) reforzado asemade no campo coas enquisas etno-arqueolóxicas susceptíbeis de revelar indicios.

É máis, e á marxe da obrigada concreción que caracterizou este plantexamento de obxectivos, o seu desenrolo tendeu a maximiza-lo interese e cualidade nos resultados para posibilita-la súa asunción e integración en posteriores intervencións e/ou investigacións de ámbito tanto restrinxido como xeral.

2.4.- METODOLOXIA

No apartado metodolóxico seguimos basicamente o común desenrolado para a *prospección superficial extensiva*, porén, as circunstancias particulares e a problemática específica que xerou a presente intervención obrigáronnos a adapta-los naqueles aspectos que consideramos oportunos en función de:

- A situación da área de intervención nunha mesma unidade fisiográfica, resultando, a priori, dunha maior representatividade calquera toma de datos realizada.

- A implicación na intervención dun único promotor (unha única administración local), maximizando as posibilidades de integración na solución dos problemas patrimoniais que se poidesen plantexar (accesos á propiedade, información institucional, ...).

- A inexistencia, aparente, de circunstancias de ameaza patrimonial inminente sobre algún punto da zona obxecto de prospección, o que non atricou o establecemento urxente de prioridades tocante ao desenrolo metodolóxico, espacial e temporal.

- As características do sistema prospectivo empregado (*supeficial extensiva*) que, aínda cun valor indiscutíbel, supón dependencias circunstanciais, xa apuntadas, en aspectos como:

- Extensión da cuberta vexetal na área de prospección.

- Dispersión do poboamento, memoria histórica dos habitantes e vontade de exercer-la mesma.

- Grao de transformación do Espacio Natural pola comunidade tradicional e/ou actual (fenómenos deposicionais e de desmantelamento).

2.4.1.- Traballo previo de gabinete:

Como fase previa á realización do traballo de campo propiamente dito, realizouse, por considerarse indispensábel, a recollida de datos indiciarios de elementos de interese arqueolóxico mediante:

- *Revisión da documentación:*

- Bibliográfica.

- Institucional:

- *Autonómica:*

- Fichas de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia).

- Elementos recollidos nas figuras de planeamento autonómico.

- *Revisión toponímica* (macro- e micro-) mediante a consulta de:

- Cartografía.

- Nomenclator.

- *Revisión cartográfica*, a máis do especificado anteriormente, a fin de detectar indicios estruturais tipo (coñecidos e comúns a xacementos arqueolóxicos de épocas concretas) e o seu contraste *in situ* nos labores de traballo de campo.

- *Revisión da fotografía aérea*, para o recoñecemento previo de elementos estruturais de natureza semellante á referida.

Como material cartográfico de traballo, aos efectos que competen á presente Memoria, empregaremos-lo levantamento fotogramétrico realizado pola Consellería de Ordenación do

Territorio da Xunta de Galicia (escala 1:10.000) para referenciar calquera exposición.

2.4.2.- Traballo de campo:

A estratexia desenrolada nos labores de campo descansou basicamente na realización de enquisas etno-arqueolóxicas, o contraste dos datos obtidos no traballo de documentación previo e a prospección propiamente dita.

Foi considerada imprescindible a realización de *enquisas etno-arqueolóxicas* previamente e durante a prospección a fin de detectar elementos arqueolóxicos presentes directamente como tales ou instilados de xeito difuso na tradición oral dos habitantes da zona, malia os seus condicionamentos:

- Por unha parte, tal e como previamos, resultou cada vez máis limitada a banda de idade útil non só para a transacción de datos referentes a elementos arqueolóxicos senón tamén para a cualificación dos mesmos, resultando de escasa utilidade, agás casos puntuais, os procedentes de persoas de idades inferiores aos corenta anos.

- Factores importantes, e negativos sen dúbida, foron os derivados da baixa densidade de poboamento da área e da orixe foránea, maioritaria, do mesmo.

- Por outra, tivo un especial valor a consideración social do obxecto da actuación arqueolóxica, resultando tanto máis fiábel a enquisa canto maior parecía se-lo nivel de identificación da poboación co obxectivo xeral da intervención e menores os riscos que ésta presupón para o réxime da propiedade (na área predomina a propiedade pública, con notábel predominio da mesma na franxa

costeira).

Os labores de *prospección superficial*, propiamente ditos, desenroláronse cunha dobre estratexia, complementando puntualmente o modelo extensivo proposto co intensivo alí onde se considerou comenente para a cualificación dos indicios.

2.5.- RESULTADOS

A estructuración da presente exposición de resultados obedece non só á necesidade de expresa-la natureza dos indicios previos senón do contraste, estimación, cualificación e adscrición dos mesmos e, no caso de bens móbeis, á súa relación cos xacementos de orixe. En calquera caso, a súa relación acompáñase dunha valoración en función do seguimento realizado de tales indicios no traballo de campo.

Aínda tendo a presente intervención carácter exclusivamente arqueolóxico, e ser plantexada pois para a recuperación dos bens correspondentes a este patrimonio, optamos por incluír na presente Memoria tamén outros bens culturais *sensu lato*, de distinto carácter específico (etnográfico, ...) polas seguintes razóns:

- O acceso ao seu coñecemento no propio proceso de documentación previa e posterior prospección arqueolóxica.
- A comenencia de discriminar, dentro da catalogación realizada con anterioridade, os elementos móbeis e inmóbeis que figuran en adscricións semellantes cando tipoloxicamente non sempre presentan correlación.
- A necesidade do seu coñecemento para a inclusión no PEP do Espacio Natural no que se enmarca este traballo, e polo tanto garanti-la súa protección.

2.5.1.- Referencias previas:

2.5.1.1.- Xenéricas:

Inclúense neste apartado todas aquelas mencións nas fontes relativas a bens móbeis ou inmóbeis que, por adoceren de precisión dabondo respecto da súa procedencia concreta -lugar do achado, contexto e circunstancias do mesmo- ou das súas características -tipoloxía, adscripción cultural-, apenas contribúen con vagos indicios á localización dos correspondentes sitios arqueolóxicos dos que proveñen (se é o caso).

Nesta categoría cabe, aínda, o establecemento de tres grupos en relación coa precisión e calidade das fontes:

a) Aquelas referencias limitadas a sinala-la posíbel existencia dalgún ben arqueolóxico, sen aportar datos dabondo que permitan coñece-las súas características tipolóxicas, o seu preciso lugar de procedencia, o carácter do seu depósito e a ubicación actual do mesmo:

- Elementos:

- Sartego antropomorfo:

X. F. Filgueira e A. García Alén (1995:95), recollen a noticia da posíbel existencia dun sartego antropomorfo, de adscripción medieval, no cumio do Monte Carafixo ou Cravafixo, sobre da Praia de Cons na poboación de Lagos, parroquia de Santa María de Beluso. Non foi posíbel a súa localización na prospección arqueolóxica que, para a realización do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos do Concello de Bueu, fixeron A. Acuña Piñeiro e R. Gimeno (1990-91).

- Valoración: Realizada a visita ao Monte Carafixo (Fot.: 17, 18) foi atopada unha pileta de crara orixe natural nun afloramento granítico e que, pola súa morfoloxía, non é de extrañar que fose confundida algunha vez cun sartego antropomorfo escavado na rocha. Descartamos, polo tanto, a existencia neste punto dun ben de carácter arqueolóxico destas características.

b) As noticias de bens arqueolóxicos dos que se ignora a procedencia e actual paradiro, pero para os que, aparentemente, se dispón de identificación -ou de recoñecemento directo da súa existencia- por autor fiábel, de documentación dabondo -descripción, debuxo, fotografía, etc...- que permitan obviar alomenos toda dúbida encol da súa existencia ou características tipolóxico-culturais:

- Elementos:

- *Puñal de cobre:*

F. López Cuevillas dá a coñecer un puñal de cobre, de 255 mm. de longo por 55 mm. de ancho, coa base estreita e longa, na que presenta tres ocos para os pasadores do mango (López Cuevillas, 1955:14), procedente de Santa María de Beluso e que pertenceu á colección do profesor Losada Diéguez. A referencia é recollida na "Carta Arqueolóxica de Pontevedra" por X. F. Filgueira Valverde e A. García Alén (1955:37).

- Valoración: Existe un erro arrastrado nas referencias bibliográficas (Suárez Otero, com. pers.) que sitúa nesta orixe un puñal procedente doutro lugar.

c) As aportadas en relación a bens mobles con ubicación actual coñecida e dos que a documentación asociada non permite deducir con precisión suficiente respecto ao seu lugar de orixe, ás características do depósito do que procede ou á súa adscrición cronolóxico-cultural:

- Elementos:

- Lasca triangular:

En sílex mouro (Filgueira Valverde, García Alén, 1975:63) retocada (Acuña Piñeiro, Gimeno, 1990-91) procedente de A Veiga do Con (Acuña Piñeiro, Gimeno, 1990-91) e, posibelmente, outros materiais hoxe depositados no Museo Massó (Bueu).

- Valoración: O punto de achado sitúase fóra da área de prospección que abrangue a presente intervención. Malia iso, a prospección realizada nas áreas do Espacio Natural máis próximas a este lugar (A Veiga do Con) non permitiron a recuperación de materiais semellantes, aínda que sí, tal e como se verá, cerámica de variada adscrición cronocultural (área de Chan de Encoradoiro / Puzo / Con).

2.5.1.2.- Concretas:

Entendemos por tales aquelas mencións das fontes nas que se identifican xacementos arqueolóxicos concretos, ou se pode inferir a probabilidade da súa existencia a partires da presenza de estruturas, con ou sen outras evidencias asociadas, ou a traveso da reiteración de noticias aludindo á presenza de bens mobles en zonas concretas.

Distínguense neste apartado os casos seguintes:

a) As referentes a aqueles lugares para os que se dispón dunha acumulación de indicios contrastados que permiten presupor-la existencia dun xacemento arqueolóxico neles ou nas súas inmediacións.

- Elementos:

- Abrigos de Praia Mourisca:

Batolitos de granito presentando uns muros bastos de cachotería; únos arredores? teñense atopado fragmentos moi rolados de cerámicas de tons agrisados, de moi difícil adscrición cultural (Acuña Piñeiro, Gimeno, 1990-91). Recollidos no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos do Concello de Bueu (Acuña Piñeiro, Gimeno, 1990-91).

- Valoración: Identificado-los bens durante a fase de traballo de campo, consideramo-lo seu carácter como etnográfico, e non arqueolóxico, polo que constan nas fichas adxuntas correspondentes. A existencia de materiais cerámicos ¿asociados? referidos nas fontes, amén de non presentar, segundo éstas, características de doada adscrición cultural, non amosan a súa relación cos denominados "abrigos" para consideralos bens de carácter arqueolóxico. Cómpre pois diferenciar os bens inmóbeis (carácter etnográfico) dos móbeis (carácter arqueolóxico) e con eles os soportes correspondentes. Durante os labores de prospección no entorno das estruturas referidas non se detectou a presenza de materiais arqueolóxicos semellantes aos descritos nas fontes.

- *Castro Udra:*

Incluído no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos do Concello de Bueu (Acuña Piñeiro, Gimeno, 1990-91). O topónimo recóllese na "Carta Arqueolóxica de Pontevedra" de X. F. Filgueira Valverde e A. García Alén (1959). Na zona téñense producido achados casuais de anacos de ánforas (Naveiro López, 1991b:137, nota 64) e fragmentos de muíños de man e de materiais cerámicos (Acuña Piñeiro, Gimeno, 1990-91).

- Valoración: Identificado o lugar con esta denominación e ao que se refire a bibliografía especificada, non foron atopados materiais nen estruturas de interese arqueolóxico en superficie. Porén, e dada-las referencias bibliográficas concretas aos materiais asociados consideramos oportuno respetar tal consideración ao non ter novos criterios que contrapor.

- *Villa de Praia de Mourisca:*

Nesta praia, ou nos arredores da mesma, atopáronse fragmentos de ánforas (Naveiro López, 1991b:137, nota 64), así como ladrillos e tégulas de adscrición galaicorromana.

- Valoración: Identificado o lugar con esta denominación ao que se refire a bibliografía especificada, non foron atopados materiais nen estruturas de interese arqueolóxico en superficie. Porén, as referencias recollidas nas fontes expostas obrígnanos a considera-la posibilidade da existencia dun xacemento arqueolóxico, aínda coas reservas de que se trate de acumulacións de materiais de procedencia allea, é dicir, dun depósito secundario.

- *Pecio de Punta Udra:*

Posíbel presenza dun pecio romano (Naveiro López, 1991a:23), fundamentada na localización de tres cepos de âncora de adscrición galaicorromana (De la Peña Santos, 1984:238; Rodríguez Biempica, Patiño Gómez, 1985:60), que corresponderían a un navío de tonelaxe media (Naveiro López, 1991b:118, nota 6). As fontes non fan referencia á súa localización exacta.

- Valoración: Malia non contar cos medios axeitados e autorizados de localización dentro dos termos da presente intervención arqueolóxica, as referencias acadadas no proceso previo de documentación fannos apuntala a posibilidade da existencia dun xacemento arqueolóxico submariño nesa área.

b) Aquelas que parecen identificar suficiente e directamente bens culturais tanto de carácter arqueolóxico como etnográfico:

- *Petroglifo de Punta Escadiña:*

Representación gráfica ao ar libre (petroglifo) sobre granito, composta por un motivo formado por unha pileta circular -de dimensións: 27 cm. x 25 cm. x 3 cm.- rodeada dun trazo curvo ou un círculo incompleto (Acuña Piñeiro, Gimeno, 1990-91).

- Valoración: Realizada a prospección intensiva na área de ubicación, segundo o plano incluído na Ficha de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos (Acuña Piñeiro, Gimeno, 1990-91), non foi localizada nengunha inscripción de natureza semellante.

- *Factoría de Salgado de Praia Mourisca:*

Edificio de planta rectangular que conserva no seu interior as piletas de salgar (Alvarez Limeses, 1936; Díaz Alvarez e Vázquez Vázquez, 1988:10).

- Valoración: Considerado como ben patrimonial de carácter etnográfico, correspondente á época industrial, inclúese no capítulo correspondente a estes, a pesares de ser susceptible de ser estudado con metodoloxía arqueolóxica.

- *Factoría de Salgado de Praia de Encoradoiro:*

Só existe a mención a unha factoría ubicada no lugar de Encoradoiro (Díaz Alvarez e Vázquez Vázquez, 1988:10).

- Valoración: De xeito idéntico que a anterior, e coas mesmas consideracións, inclúese no apartado correspondente aos bens de carácter etnográfico.

- *Factoría de Salgado de Praia Mourisca:*

Edificio de planta rectangular que conserva no seu interior as piletas de salgar (Alvarez Limeses, 1936; Díaz Alvarez e Vázquez Vázquez, 1988:10).

- Valoración: Considerado como ben patrimonial de carácter etnográfico, correspondente á época industrial, inclúese no capítulo correspondente a éstos, a pesares de ser susceptible de ser estudado con metodoloxía arqueolóxica.

- *Factoría de Salgado de Praia de Encoradoiro:*

Só existe a mención a unha factoría ubicada no lugar de Encoradoiro (Díaz Alvarez e Vázquez Vázquez, 1988:10).

- Valoración: De xeito idéntico que a anterior, e coas mesmas consideracións, inclúese no apartado correspondente aos bens de carácter etnográfico.

2.5.2.- Elementos patrimoniais inéditos:

No desenrolo do traballo de campo, foron localizados os seguintes elementos patrimoniais inéditos:

2.5.2.1.- Bens inmóbeis:

- *Batería militar de costa "J-2".*

2.5.2.2.- Bens móbeis:

- *Fragmentos cerámicos de Chan de Encoradoiro / Puzo / Con..*

2.6.- BENS DE CARACTER ARQUEOLOGICO:

Inclúense os seguintes bens de carácter arqueolóxico:

2.6.1.- Castro de Udra.

2.6.2.- Pecio de Punta Udra.

2.6.3.- *Villa* de Praia de Mourisca.

2.6.4.- Chan de Encoradoiro / Puzo / Con (fragmentos cerámicos).

2.6.1.- CASTRO DE UDRA:

1. CLAVE DE IDENTIFICACION:

- GA36004001

2. LOCALIZACION:

- Nome do ben: CASTRO DE UDRA.
- Provincia: Pontevedra.
- Concello: Bueu.
- Parroquia: Beluso, Sta. María.
- Lugar: Cabo Udra.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: 513.990 Y: 4.687.700
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 50"
Lat. N: 42º 20' 26"
- Altitude: 91 m. snm.
- Descripción de accesos: Estrada asfaltada que vai da igrexa parroquial de Beluso ao Cabo Udra. A 1,1 km., no cruce onde remata o tramo asfaltado, pista cara o NW que leva a Punta Udra. A 700 m. chégase á chá das vellas instalacións da Batería militar de costa "J-2". O promontorio onde está o Castro de Udra (120 m. sur), está situado entre as enseadas de Barceló (SW) e Centuleira (NE).

3. ADSCRIPCION:

- Cultural: Idade do Bronce / Idade do Ferro / Romano.
- Tipolóxica: Asentamento (Asentamento ao ar libre / Castro).

4. CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO:

- Emprazamento topográfico: Cumio.
- Utilización do entorno: Monte baixo e praderío natural.

5. ESTADO ACTUAL:

- Vexetación: Monte baixo de toxo.
- Destruccións e alteracións: Non se aprecian, ao non se observar restos de estruturas no estado actual. A zona está moi erosionada pola acción dos axentes naturais (vento e auga), presentando o solo, tanto no cumio como na aba do promontorio, unha escasa potencia.
- Tipo de propiedade: Pública (Concello de Bueu).

6. MEDIDAS DE PROTECCION:

Ben Inventariado a partires da súa inclusión no PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Ancoradoiro (disposición adicional segunda da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

Figura actualmente no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos do Concello de Bueu da Consellería de Cultura e Comunicación Social.

7. MATERIAIS:

Na zona téñense producido achados casuais de anacos cerámicos de tipoloxía castrexa, recollidos por Enrique Massó (actualmente depositados no Museo Massó) e fragmentos de ánforas (Naveiro López, 1991b:137, nota 64). Asemade, no decurso da prospección para a realización do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos do Concello de Bueu, A. Acuña Piñeiro e R. Gimeno (1990-91) rexistran a localización de fragmentos de muíños de man e anacos de cerámica, que foron depositados no

Museo Provincial de Pontevedra -depósitos: 10.061, 10.062, 10.063 e 10.064-.

8. DESCRIPCION:

(Fot.: 1, 2)

Nas condicións actuais non se observan restos estruturais en superficie.

9. OBSERVACIONES:

A pesares da ausencia de estruturas e o grao de desmantelamento que presenta o sitio, tanto o topónimo como, sobre todo, as reiteradas noticias ao achado de materiais na zona, levan a pensar na existencia no "Castro de Udra" dun asentamento que, pola tipoloxía das evidencias -cerámica castrexa, muíños de man, ánforas- debemos ubicar, polo menos no que atinxe ao seu remate, en época galaicorromana.

10. BIBLIOGRAFIA:

- ACUÑA PIÑEIRO, A.; GIMENO, R. (1990-91):
Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Concella de Bueu (Pontevedra). Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia. Inédito.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.F.; GARCIA ALEN, A. (1959):
"Adiciones a la <<Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra>>". *El Museo de Pontevedra*. T. XIII, pp.: 19-97.
- MUSEO DE PONTEVEDRA:
Voz "Bueu". *Arquivo-Inventario do Museo Provincial de Pontevedra*.

- NAVEIRO LOPEZ, J.L. (1991b): *El Comercio Antigua en el N.W. Peninsular. Lectura Histórica del Registro Arqueológico*. A Coruña. Museo Arqueológico e Histórico de A Coruña. Monografías Urxentes do Museu, nº. 5.

2. LOCALIZACIÓN

- Nome do lugar: PICO DE FONTE VERA.
- Parroquia: Fontevivosa.
- Concello: Burela.
- Parroquia: Salusa, Sta. Maria.
- Lugar: Papatóns.
- N.º de Políg. (1:50.000): 185
- N.º de Coarctada (1:10.000): 41
- Província: O.T.M.t. - 21 - - - - -
- Coord. Geográficas: Long. W: - - - - -
- Lat. N: - - - - -
- Altitude: - - - - -
- Descripción de acceso: Sob os augas, fronte á Praza de Burela, no contorno de fora de fora de Burela, no lugar denominado "Papatóns" (non existen referencias específicas nos foros consultados).

3. DESCRIPCIÓN

- Cultura(s): Romana.
- Tipoloxía: Edificio subterráneo (pozo).

4. CARACTERÍSTICAS DE ENTORNO

- Espazo topográfico: Solas altas.

2.6.2.- PECIO DE PUNTA UDRA:

1. CLAVE DE IDENTIFICACION:

- GA36004---

2. LOCALIZACION:

- Nome do ben: PECIO DE PUNTA UDRA.
- Provincia: Pontevedra.
- Concello: Bueu.
- Parroquia: Beluso, Sta. María.
- Lugar: Papatimóns.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: --- Y: ---
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: ---
Lat. N: ---
- Altitude: --
- Descripción de accesos: Sob as augas, fronte á Praia de Mourisca, na contorna do faro de Cabezo da Mourisca, no lugar denominado "Papatimóns" (non existen referencias exactas nas fontes consultadas).

3. ADSCRIPCION:

- Cultural: Romano.
- Tipolóxica: Xacemento subacuático (pecio).

4. CARACTERISTICAS DO EMPRAZAMENTO:

- Emprazamento topográfico: Sob as augas.

- Utilización do entorno: Actividade pesqueira e turística.

5. ESTADO ACTUAL:

- Destruccións e alteracións: Descoñécense.
- Tipo de propiedade: Pública.

6. MEDIDAS DE PROTECCION:

Ben Inventariado a partires da súa inclusión no PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Ancoradoiro (disposición adicional segunda da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

7. MATERIAIS:

- Descripción: Tres cepos de áncora.
- Procedencia: Os cepos foron localizados polo capitán de corbeta D. José María Mosquera e recuperados por E. Rodríguez Biempica e R. Patiño Gómez (1985).
- Lugar actual de depósito: Museo Provincial de Pontevedra.

8. DESCRIPCION:

(Fot.: 3)

Os indicios coñecidos da existencia dun pecio proveñen do achado de tres cepos de áncora de adscripción romana (De la Peña Santos, 1984:238; Rodríguez Biempica, Patiño Gómez, 1985:60), hoxe depositados no Museo Provincial de Pontevedra (Luaces Anca, Toscano Novella, 1988:343, nota 8). Os cepos están feitos de chumbo case que puro (99,83%, 99,86% e 99,82% de contido de chumbo respectivamente) cunha alma de madeira para lles reforzar-la súa estrutura; presentando un peso medio

duns 200 quilos e as súas dimensións (longo x sección) son, respectivamente, de 155 cm. x 18 cm., 150 cm. x 19 cm. e 151,5 cm. x 14 cm. (Rodríguez Biempica, Patiño Gómez, 1985:60).

9. OBSERVACIONES:

Como se espuxo anteriormente, a probabilidade da presenza dun pecio romano (Naveiro López, 1991a:23), fundaméntase na localización dos tres cepos de áncora de adscrición romana (De la Peña Santos, 1984:238); Rodríguez Biempica, Patiño Gómez, 1985:60), que corresponderían a un navío de tonelaxe media (Naveiro López, 1991b:118, nota 6), do que non se coñecen restos da súa carga e que, dada a súa localización nun espacio reducido -uns doce metros-, tería sufrido un naufraxio (Rodríguez Biempica, Patiño Gómez, 1985:61; Naveiro López, 1991a:23).

A inexistencia de datos máis concretos para a súa localización, e ao se considera-lo coñecido só como indiciario, non se adxunta Ficha de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos.

10. BIBLIOGRAFIA:

- LUACES ANCA, J.F.; TOSCANO NOVELLA, M.C. (1988):
"Arqueosub en el Atlántico: prospecciones subacuáticas en la Galicia meridional". *Trabajos de Antropología e Etnología*, vol. XXVIII, fasc. 3-4, pp. 341-346.
- MUSEO DE PONTEVEDRA:
Voz "Bueu". Archivo-Inventario do Museo Provincial de Pontevedra.

- NAVEIRO LOPEZ, J. L. (1991a):
 "O comercio marítimo na Galicia romana: o rexistro arqueolóxico"; in: R. Valdés Blanco-Rajoy (Coordra.): *Ciclo de Conferencias de Arqueoloxía Subacuática*. Vigo. Xunta de Galicia. Escola Taller de Mergullo Científico. INEM, pp.: 21-27.

- NAVEIRO LOPEZ, J.L. (1991b):
El Comercio Antigua en el N.W. Peninsular. Lectura Histórica del Registro Arqueológica. A Coruña. Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña. Monografías Urxentes do Museu, nº. 5.

- PEÑA SANTOS, A. de la (1984):
 "Primeras prospecciones arqueológicas subacuáticas en el litoral de la provincia de Pontevedra". *Pontevedra Arqueológica*, t. I, pp.: 205-238.

- RODRIGUEZ BIEMPICA, E.; PATIÑO GOMEZ, R. (1995):
 "Hallazgo de los tres primeros cepos romanos en el litoral atlántico español". *Revista de Arqueología*, año VI, nº. 51, pp.: 59-61.

2.6.3.- VILLA DE PRAIA DE MOURISCA:

1. CLAVE DE IDENTIFICACION:

- GA36004---

2. LOCALIZACION:

- Nome do ben: *VILLA* DE PRAIA DE MOURISCA.
- Provincia: Pontevedra.
- Concello: Bueu.
- Parroquia: Beluso, Sta. María.
- Lugar: Praia de Mourisca.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: 514.670 Y: 4.687.400
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 20"
Lat. N: 42º 20' 16"
- Altitude: 5-10 m. snm.
- Descripción de accesos: Estrada asfaltada que vai da igrexa parroquial de Beluso ao Cabo Udra. A 1,1 km., no cruce onde remata o tramo asfaltado, pista cara o NE, cara a Praia de Mourisca. O lugar dos achados é unha finca estremada por esta pista, beirá esquerda (SE) en senso descendente e a praia (N-NE), e o camiño que une o cruce antedito e vai cara a antiga factoría de salgado de Praia de Mourisca.

3. ADSCRIPCION:

- Cultural: Romano.
- Tipolóxica: Asentamento (*villa*).

4. CARACTERISTICAS DO EMPRAZAMENTO:

- Emprazamento topográfico: Líña de praia.
- Utilización do entorno: Explotación pesqueira e turística.

5. ESTADO ACTUAL:

- Vexetación: Eucaliptos.
- Destrucións e alteracións: Moi alterado. Actualmente a área está parcelada e choída, sendo moi alta a probabilidade de que as tarefas de construción, as instalacións de infraestructuras de saneamento, a planta de árbores e outros servizos ou obras, teñan afectado ou poidan afectar ao depósito arqueolóxico. Unha observación directa do terreo, malia non permiti-lo recoñecemento da existencia de estruturas e/ou materiais arqueolóxicos, si permite deducir que algunhas das parcelas poderían ter sido pacialmente achaiadas -presencia de noiros-.
- Tipo de propiedade: Privada.

6. MEDIDAS DE PROTECCION:

Ben Inventariado a partires da súa inclusión no PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Acoradoiro (disposición adicional segunda da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

7. MATERIAIS:

Na zona téñense producido achados casuais de ánforas (Naveiro López, 1991b:137, nota 64) -depositadas no Museo Massó?- e así mesmo documentouse a aparición de *bessalis* e fragmentos de *tegulas* en superficie -Museo Provincial de

Pontevedra, depósitos 13.166 e 13.167- (Carballo Arceo, 1992).

8. DESCRIPCION:

(Fot.: 4)

A inexistencia de indicios de estruturas na zona non permite unha descriptiva das mesmas.

9. OBSERVACIONES:

Malia non se documentar sobre o terreo a presenza de estruturas e/ou materiais arqueolóxicos en superficie, as referencias acadadas inclínan-nos a considera-la posibilidade da existencia dalgún xacemento arqueolóxico nesta área. Porén, dada a posibilidade de que se trate dun depósito secundario, non se adxunta a correspondente Ficha de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos.

10. BIBLIOGRAFIA:

- CARBALLO ARCEO, L.X. (1992):

Informe Arqueolóxico da Praia de Mourisca, no Concello de Bueu (Pontevedra). Servicio de Arqueoloxía. Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Comunicación Social de Pontevedra. Inédito.

- FILGUEIRA VALVERDE, J.F.; GARCIA ALÉN, A. (1959):

"Adiciones a la <<Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra>>". *El Museo de Pontevedra*. T. XIII, pp.: 19-97.

- NAVEIRO LOPEZ, J.L. (1991b):

"El Comercio Antiguo en el NW Peninsular. Lectura Histórica del Registro Arqueológico". A Coruña. Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña. *Monografías Urxentes do Museu*, nº. 5.

2.6.4.- CHAN DE ENCORADOIRO / PUZO / CON:

1. CLAVE DE IDENTIFICACION:

- GA36004---

2. LOCALIZACION:

- Nome do ben: CHAN DE ENCORADOIRO / PUZO / CON.
- Provincia: Pontevedra.
- Concello: Bueu.
- Parroquia: Beluso, Sta. María.
- Lugar: Chan de Encoradoiro / Puzo / Con.
- Nº de Folla (1:50.000): 223
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 11
- Proxección U.T.M.: X: 514.700 Y: 4.686.800
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 20"
Lat. N: 42º 19' 54"
- Altitude: 45-50 m. snm.
- Descripción de accesos: Estrada asfaltada que vai da igrexa parroquial de Beluso ao Cabo Udra. A 1,1 km., no cruce onde remata o tramo asfaltado, pista cara o SE. A área dos achados sitúase á beira esquerda da mesma (entre os 450 m. e os 690 m.), nun amplo espacio de terras cultivadas.

3. ADSCRIPCION:

- Cultural: Idade do Bronce / Galaicorromano / Medieval.
- Tipolóxica: --.

4. CARACTERISTICAS DO EMPRAZAMENTO:

- Emprazamento topográfico: Rechán.

- Utilización do entorno: Terras de labor, monte alto e baixo.

5. ESTADO ACTUAL:

- Vexetación: Cultivos, monte alto de piñeiro e eucalipto, monte baixo de silva e toxo.
- Destrucións e alteracións: Non se poden determinar pola ausencia de estruturas.
- Tipo de propiedade: Privada.

6. MEDIDAS DE PROTECCION:

Incluída como Area Cautelada no PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Ancoradoiro.

7. MATERIAIS:

- Descripción:

- *Sigla:* E-1/97.

- *Adscripción cultural:* Idade do Bronce.

- *Descripción:* Fragmento (corpo) de cerámica cocida modelada a man, coa pasta cor parda, presentando na cara interior unha parte máis avermellada, con desengraxantes de cuarzo e mica de tamaño medio.

- *Sigla:* E-2/97.

- *Adscripción cultural:* Idade do Bronce, galaicorromana ou medieval.

- *Descripción:* Fragmento (corpo) de cerámica cocida modelada a man, coa pasta cor parda, con desengraxantes micáceos moi finos.

- *Sigla:* E-3/97.
 - *Adscripción cultural:* Idade do Bronce, galaicorromana ou medieval.
 - *Descrición:* Fragmento (fondo plano) de cerámica cocida modelada a man, coa pasta de cor moura, con desengraxantes micáceos moi finos.
-
- *Sigla:* E-4/97.
 - *Adscripción cultural:* Galaicorromana.
 - *Descrición:* Fragmento (corpo) de cerámica (común) cocida modelada a torno, coa pasta de cor agrisada, con desengraxantes micáceos moi finos.
-
- *Sigla:* E-5/97.
 - *Adscripción cultural:* Idade do Bronce, galaicorromana ou medieval.
 - *Descrición:* Fragmento (corpo) de cerámica cocida modelada a man, coa pasta de cor parda avermellada, con desengraxantes de cuarzo de tamaño medio.
-
- *Sigla:* E-6/97.
 - *Adscripción cultural:* Galaicorromana.
 - *Descrición:* Fragmento (corpo) de cerámica (común) cocida modelada a torno, coa pasta de cor agrisada, con desengraxantes micáceos.
-
- *Sigla:* E-7/97.
 - *Adscripción cultural:* Galaicorromana.
 - *Descrición:* Fragmento (corpo) de cerámica (común) cocida modelada a torno, coa pasta de cor agrisada, con desengraxantes micáceos.

- *Sigla:* E-8/97.
 - *Adscripción cultural:* Galaicorromana ou medieval.
 - *Descrición:* Fragmento (bordo oblícuo aberto con labio redondeado) de cerámica cocida modelada a man, coa pasta de cor parda avermellada, con desengraxantes micáceos.
-
- *Sigla:* E-9/97.
 - *Adscripción cultural:* Idade do Bronce, galaicorromana ou medieval.
 - *Descrición:* Fragmento (corpo) de cerámica cocida modelada a man, coa pasta de cor parda, con desengraxantes de cuarzo de tamaño medio.
-
- *Sigla:* E-10/97.
 - *Adscripción cultural:* Galaicorromana ou medieval.
 - *Descrición:* Fragmento (corpo) de cerámica cocida modelada a torno, coa pasta de cor vermella, con desengraxantes finos de cuarzo e mica. No interior presenta restos de engobe vermello.
-
- *Sigla:* E-11/97.
 - *Adscripción cultural:* Galaicorromana.
 - *Descrición:* Fragmento (corpo) de cerámica (común) cocida modelada a torno, coa pasta de cor agrisada, con desengraxantes micáceos moi finos.
-
- *Sigla:* E-12/97.
 - *Adscripción cultural:* Galaicorromana.
 - *Descrición:* Fragmento (corpo) de cerámica (común) cocida modelada a man, coa pasta de cor agrisada, con desengraxantes micáceos moi finos. Presenta restos de escobillado no exterior.

- Procedencia: Prospección.
- Lugar actual de depósito: Museo Provincial de Pontevedra (data do depósito: 04/10/97).

8. DESCRIPCIÓN:

(Fot.: 5, 6)

Ao non existir restos estruturais en superficie non é susceptible de descripción.

9. OBSERVACIONES:

A aparición de materiais de adscrición recente asociados cos materiais arqueolóxicos descritos, a amplitude da área de localización destes, a súa ubicación superficial e os restos de roladura que presentan algúns deles, inclínannos a considera-la natureza da súa deposición como secundaria. A non consideración desta área, malia a súa relativa proximidade á área de A Veiga do Con referida, como xacemento arqueolóxico, xustifican a non anexión da Ficha de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos.

10. BIBLIOGRAFIA:

Inédito.

2.7.- BENS DE CARACTER ETNOGRAFICO:

Inclúense neste apartado tódolos bens inmóbeis de carácter etnográfico susceptíbeis de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica²:

- 2.7.1.- Abrigos de Praia de Encoradoiro.
- 2.7.2.- Bateria militar de costa "J-2".
- 2.7.3.- Factoría de salgado de Praia de Mourisca.
- 2.7.4.- Factoría de salgado de Praia de Encoradoiro.

² Art. 66, Tit. IV da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

2.7.1.- "ABRIGOS" DE PRAIA DE ENCORADOIRO:

1. CLAVE DE IDENTIFICACION:

- GA36004010 (Inventario de xacementos arqueolóxicos)

2. LOCALIZACION:

- Nome do ben: "ABRIGOS" DE PRAIA DE ENCORADOIRO.
- Provincia: Pontevedra.
- Concello: Bueu.
- Parroquia: Beluso, Sta. María.
- Lugar: Chan dos Esqueiros.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: 514.500 Y: 4.687.180
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 27"
Lat. N: 42º 20' 09"
- Altitude: 25-35 m. snm.
- Descripción de accesos: Estrada asfaltada que vai da igrexa parroquial de Beluso ao Cabo Udra. A 1,1 km., no cruce onde remata o tramo asfaltado. Os abrigos están situados a uns 100-120 m. cara o W-NW, entre as pistas que levan á Praia de Encoradoiro e a Punta Udra.
 - *Abrigo I*: 100 m. cara o W-NW do cruce referido. A beira dereita da pista que baixa cara a Praia de Encoradoiro, na parte superior do noiro que forma o trazado daquela.
 - *Abrigo II*: 40 m. ao NW do anterior.
 - *Abrigo III*: Lindante polo NE co anterior.

3. ADSCRIPCION:

- Cultural: Contemporáneo.
- Tipolóxica: Chouzo / Caseto.

4. CARACTERISTICAS DO EMPRAZAMENTO:

- Emprazamento topográfico: Aba de promontoiro.
- Utilización do entorno: Monte baixo, terras de labor, pesca e área turística.

5. ESTADO ACTUAL:

- Destruccións e alteracións: Semi-ruína. Fáltanlle-las portas.
- Tipo de propiedade: Pública.

6. MEDIDAS DE PROTECCION:

Bens Inventariados a partires da súa inclusión no PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Acoradoiro (disposición adicional segunda da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

Figuran actualmente no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos do Concello de Bueu da Consellería de Cultura e Comunicación Social.

7. MATERIAIS:

Non se rexistra a presenza de materiais en relación directa cos abrigos. Os materiais de difícil adscripción cultural que A. Acuña e R. Gimeno (1990-91) atoparon na súa prospección non parecen gardar relación directa con estes chouzos (de fábrica relativamente recente). Isto non implica nega-la posibilidade da existencia dalgún depósito de materiais

arqueolóxicos no subsolo dos abrigos, feito non constatado en superficie.

8. DESCRIPCION:

(Fot.: 7-9)

Todos eles están constituídos por un recinto cerrado obtido polo adosamento a un batolito de granito dun muro basto de cachotería (pedra de granito) ligada con cemento.

A altura da construción adxacente resultante non chega a acadar a altura do afloramento rochoso sobre o que se apoia, tendo un único acceso a traveso dun van pechado por unha porta, hoxe desaparecida (quedan os restos de gonzos no marco dese van).

9. OBSERVACIONES:

Tal e como se tén exposto anteriormente, consideramos estes bens como de craro carácter etnográfico, en base á súa tipoloxía e fábrica. A súa función non parece crara, xa que ben poidera ser empregada como refuxio de pastores (o máis probábel), armacén de aparellos de pesca, ou dalgún tipo de vixiancia costeira.

10. BIBLIOGRAFIA:

- ACUÑA PIÑEIRO, A.; GIMENO, R. (1990-91):

Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Cancellada de Bueu (Pontevedra). Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia. Inédito.

2.7.1.1.- Abrigo I de Praia de Encoradoiro:

= LOCALIZACION:

- Nome: ABRIGO I DE PRAIA DE ENCORADOIRO.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: 514.500 Y: 4.687.140
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 27"
Lat. N: 42º 20' 08"
- Altitude: 26 m. snm.

2.7.1.2.- Abrigo II de Praia de Encoradoiro:

= LOCALIZACION:

- Nome: ABRIGO II DE PRAIA DE ENCORADOIRO.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proyección U.T.M.: X: 514.470 Y: 4.687.180
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 28"
Lat. N: 42º 20' 09"
- Altitude: 30 m. snm.

2.7.1.3.- Abrigo III de Praia de Encoradoiro:

= LOCALIZACION:

- Nome: ABRIGO III DE PRAIA DE ENCORADOIRO.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: 514.480 Y: 4.687.190
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 28"
- Lat. N: 42º 20' 10"
- Altitude: 32 m. snm.

2.7.2.- BATERIA MILITAR DE COSTA "J-2":

1. CLAVE DE IDENTIFICACION:

- GA36004---

2. LOCALIZACION:

- Nome do ben: BATERIA MILITAR DE COSTA "J-2".
- Provincia: Pontevedra.
- Concello: Bueu.
- Parroquia: Beluso, Sta. María.
- Lugar: Cabo Udra.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: 513.800 Y: 4.687.740
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 50' 32"
Lat. N: 42º 20' 27"
- Altitude: 40 m. snm.
- Descripción de accesos: Estrada asfaltada que vai da igrexa parroquial de Beluso ao Cabo Udra. A 1,1 km., no cruce onde remata o tramo asfaltado, pista cara o NW que leva a Punta Udra. A 700 m. chégase á chá das antigas instalacións da Bateria militar de costa "J-2", no espacio situado entre as enseadas de Barceló (SW) e Centuleira (NE).

3. ADSCRIPCION:

- Cultural: Contemporáneo.
- Tipolóxica: Bateria militar de costa.

4. CARACTERISTICAS DO EMPRAZAMENTO:

- Emprazamento topográfico: Aba e rechán de promontorio.
- Utilización do entorno: Monte inculto.

5. ESTADO ACTUAL:

- Vexetación: Monte baixo e herbal entre edificios e demais elementos da instalación.
- Destruccións e alteracións: Os edificios e demais infraestructuras presentan ruína parcial estando invadidos pola vexetación.
- Tipo de propiedade: Pública.

6. MEDIDAS DE PROTECCION:

Ben Inventariado a partires da súa inclusión no PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Acoradoiro (disposición adicional segunda da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

7. MATERIAIS:

Non se observan en superficie.

8. DESCRIPCION:

(Fot.: 10-13)

A Bateria de Costa J-2, dependeu primeiro do *Regimiento de Artillería "Rías Bajas"* e posteriormente do *Regimiento Mixta de Artillería Número 3*. As pezas coas que foi dotada procedían dunha Bateria de Costa ubicada na península situada entre Ares e Mugardos.

A Bateria de Costa J-2 consta na actualidade de catro conxuntos de elementos:

Un deles constituído polos emprazamentos das pezas de artillería, en número de tres, formadas por unha construción circular de cemento, aberta e cun murete arredor, baixo e semicircular, de cemento e ladrillo nos que pola súa cara interna son aínda recoñecíbeis, nalgúns casos, unhas marcas pintadas verticais e/ou unhas letras (por exemplo, no caso do segundo emprazamento: D, M, V) que son as referencias para a orientación das pezas de artillería segundo os días, a fin de asegura-la súa mobilidade e evita-la perda de horizontalidade (impedir que "fagan cama"). No centro do chan presentan unha estrutura circular de ferro, da que sobresaen unha serie de pernos estriados para serviren de fixamento á peza de artillería. Nun dos laterais presentan un oco cuadrangular destinado á caixa de empalmes eléctricos e de comunicacións. A cada un dos emprazamentos chega, en diferente estado de conservación, a base, de formigón, para a instalación dos raís sobre os que se desplazaban as vagonetas que servían á peza de artillería.

O segundo grupo está formado por unha serie de elementos destinados ao servizo das baterías. A saber: a polvoreira, un depósito auxiliar e a infraestructura dos raís a traveso dos cales se servía ás baterías.

A polvoreira é unha construción de cemento que se ubica, medio soterrada, no extremo sur do conxunto das instalacións e á que se accede por unha trincheira na que se situaba unha infraestructura de formigón na que se emprazarían, sobre travesas de madeira, uns raís polos que circulaban as vagonetas destinadas a transporta-los proxectís, as vaíñas, as cargas de proxección e os artificios de fogo.

A rede viaria, en moi diferente estado de conservación dunhas zonas a outras, presenta dúas bifurcacións, a primeira preto da polvoreira, para se dirixir un ramal ao terceiro emprazamento e, o outro, ao norte cara aos emprazamentos segundo e primeiro e, preto da segunda das pezas, unha nova

bifurcación para atender a ésta e maila ubicada no primeiro dos asentamentos.

Unha construción de mediano tamaño, tamén de cemento e ladrillo, aparece entre os emprazamentos segundo e terceiro (de norte a sur). Trátase dunha construción auxiliar que, dado que non se almacenaban xuntos os proxectís e os artificios de fogo, probablemente teña sido destinada a gardar estes últimos.

O terceiro grupo é o formado polas instalacións de mando. Neste caso trátase dun edificio de cemento e ladrillo, de planta baixa e unha terraza, que albergaba as instalacións correspondentes ao posto de mando, posto de observación, de dirección de tiro e posto telemétrico. Aproveita un dos afloramentos de granito da zona, ao que está adosado. É de planta rectangular e tén o acceso polo lado leste, no que presenta, por esta fachada, unha instalación sanitaria e, xa no interior, dous recintos, un deles, o de maiores dimensións, con dous vans rectangulares, un deles en esquina, sendo a parte máis reducida, semicircular, lixeiramente elevada respecto ao nivel da anterior, cun van semicircular cos bordos reforzados con ferro -ou ben feito de cemento armado-. No centro deste recinto hai unha estrutura en forma de mesa plana e circular sobre un soporte cilíndrico (para albergar algún instrumento). Na cuberta -plana- desta construción, destaca un cilindro de cemento, protexido polos lados -agás polo leste- por un murete de ladrillo e cemento, que parece coincidir co eixo da mesa circular antes mencionada. O conxunto complétase, polo oeste, cunha construción de cemento e ladrillo, aproveitando a inclinación do afloramento de granito, cunha porta de acceso e unha fiestra, de función descoñecida.

Finalmente, o cuarto grupo de elementos é o formado polas instalacións auxiliares: instalacións de servizos, a garita do garda da entrada e unha fornela.

As instalacións de servizo están formadas por tres

barracóns rectangulares, de cemento e ladrillo, co teito a unha soa auga e dispostos en paralelo. O primeiro (do norte ao sur) destinado a comedor e cociña, o segundo adicado a residencia de oficiais e o terceiro utilizado como aloxamento da tropa. A rúa que forman o segundo e terceiro, remata no pozo de auga - rematado nun frontis no que aparece o distintivo da arma - a bomba de artillería- enmarcada pola letra "J" e o dígito "2", o indicativo -operativo e de guerra- da batería. Tralo terceiro dos barracóns, existe un recinto de medianas dimensións de emprego non identificado. No chan, diante do segundo barracón consérvase a base do mastro da bandeira. Ao norte do primeiro dos barracóns hai un galpón, cun dos muros feito de sillarexo de granito, probabelmente destinado a albergar un vehículo.

Na que foi a entrada á instalación militar, consérvanse os restos dunha garita, para o garda do acceso e, xa no camiño e a uns metros do recinto, quedan os restos dunha fornela, na que se atopaba colocada unha imaxe do Sagrado Corazón.

A instalación complementábase cunha casamata na Punta Couso, na que se tiñan instalados proxectores para o combate nocturno.

9. OBSERVACIONES:

Sendo ambigua a súa inclusión, dentro do patrimonio cultural, nun grupo de elementos cun carácter concreto (etnográfico ou arqueolóxico), cómpre ter en conta que se trata dun ben susceptible de ser estudado con metodoloxía arqueolóxica.

10. BIBLIOGRAFIA:

Inédito.

2.7.3.- FACTORIA DE SALGADO DE PRAIA DE MOURISCA:

1. CLAVE DE IDENTIFICACION:

- GA36004---

2. LOCALIZACION:

- Nome do ben: FACTORIA DE SALGADO DE PRAIA DE MOURISCA.
- Provincia: Pontevedra.
- Concello: Bueu.
- Parroquia: Beluso, Sta. María.
- Lugar: Praia de Mourisca.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: 514.590 Y: 4.687.550
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 23"
Lat. N: 42º 20' 24"
- Altitude: 10 m. snm.
- Descripción de accesos: Estrada asfaltada que vai da igrexa parroquial de Beluso ao Cabo Udra. A 1,1 km., no cruce onde remata o tramo asfaltado, pista cara o NE, cara a Praia de Mourisca. A 300 m., chegando á praia, camiño á esquerda (linde S da mesma). A 230 m. está a factoría.

Existe un camiño alternativo que baixa dende o primeiro cruce referido cara o N, e que leva directamente á factoría (390 m.).

3. ADSCRIPCION:

- Cultural: Contemporáneo.
- Tipolóxica: Lugar de actividade económica (factoría).

4. CARACTERISTICAS DO EMPRAZAMENTO:

- Emprazamento topográfico: Liña de praia.
- Utilización do entorno: Explotación pesqueira e turística.

5. ESTADO ACTUAL:

- Destruccións e alteracións: O grao de conservación é relativamente bon. Consérvanse os muros do edificio e parte da cuberta. En canto ás instalacións, segundo as referencias, atópanse en moi bo estado as piletas e, tal e como se apreciou na prospección, a rampa para o acceso dende a praia. Polo seu costado norte tén adosada unha construción recente. Actualmente emprégase como bar de praia.

- Tipo de propiedade: Privada.

6. MEDIDAS DE PROTECCION:

Ben Inventariado a partires da súa inclusión no PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Acoradoiro (disposición adicional segunda da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

7. MATERIAIS:

Non se observan materiais illados asociados no exterior da instalación. Non foi posíbel o acceso ás súas instalacións interiores.

8. DESCRIPCION:

(Fot.: 14, 15)

Edificio de planta rectangular e fábrica de sillería de granito de gran fino, sobre unha plataforma en cachotería de granito con megacristsais.

Pola fachada oeste -de muro cego- extrema cun ribazo e conserva parte da cuberta -a unha auga- na súa parte central.

A fachada sur presenta dúas partes en canto ao alzado: unha, a máis próxima ao ribazo, descendo cara ao leste, feita con sillarexo de granito cintado e que non conserva o teito e, outra, con fábrica de sillería de granito de gran fino, conservando a cuberta -a dúas augas- e presentando dúas fiestras -a do oeste de maiores dimensións que a outra, ámbalas dúas con lintel traballado en viseira- que dan paso, tras unha liña de discontinuidade, a un tramo do muro realizado en sillares de granito de gran fino.

A fachada do leste, presenta asemade dúas ventás -con cadanseu lintel traballado tamén en viseira- na parte que conserva a cuberta, e unha porta de acceso, estando feita toda ela con sillares de granito de gran fino; no remate do muro obsérvanse os ocos -rectangulares- para coloca-las trabes.

A fachada norte, simétrica á do sur, tén unha construción adosada ao tramo máis ao oeste. Non conserva o teito e presenta dúas partes en canto ao tipo de aparello empregado na construción do muro: unha, no seu extremo leste, con sillares de granito de gran fino e, outra na parte central, feita con grandes cachotes de granito con megacristsais e cintados con cemento (varianzas no aparello empregado nos muros que nos permite falar de momentos distintos na construción ou de reconstrucións e de crara selección das materias primas - cómpre sinalar que o granito máis abundante na zona é o que presenta megacristsais, mentres que o de gran fino non é doado de atopar nos arredores-.

Fronte da fachada principal, a orientada cara ao leste,

presenta unha rampa de acceso á praia, feita en pedra enmarcada por muros de granito de gran fino na súa meirande parte. Muros estes que se prolongan a ámbolos dous lados -sobre todo cara o norte- contribuíndo a conter o aterraxamento no que se ubica o edificio.

Segundo referencias orais, no seu interior consérvanse as piletas de salgar.

9. OBSERVACIONES:

Malia se tratar dun ben patrimonial de carácter etnográfico é susceptible de ser estudado con metodoloxía arqueolóxica.

10. BIBLIOGRAFIA:

- ALVAREZ LIMESES, G. (1936):
"Provincia de Pontevedra"; in: F. Carreras Candí (Dir.): *Historia General del Reino de Galicia*. Consultouse a edición de Ediciones Gallegas. A Coruña (1980), vol. XII, t. 1º.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1992):
Informe Arqueolóxico da Praia de Mourisca, no Cancelló de Bueu (Pontevedra). Servicio de Arqueoloxía. Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Comunicación Social de Pontevedra. Inédito.
- DIAZ ALVAREZ, P.; VAZQUEZ VAZQUEZ, M. (1988):
Noticia Preliminar del Primer Horno y Alfar de Anforas Gallegas. Vigo. Pedro Díaz Alvarez Ed.

2.7.4.- FACTORIA DE SALGADO DE PRAIA DE ENCORADOIRO:

1. CLAVE DE IDENTIFICACION:

- GA36004---

2. LOCALIZACION:

- Nome do ben: FACTORIA DE SALGADO DE PRAIA DE ENCORADOIRO.
- Provincia: Pontevedra.
- Concello: Bueu.
- Parroquia: Beluso, Sta. María.
- Lugar: Praia de Encoradoiro.
- Nº de Folla (1:50.000): 185
- Nº de Cuadrícula (1:10.000): 41
- Proxección U.T.M.: X: 514.440 Y: 4.687.090
- Coord. Xeográficas: Lonx. W: 08º 49' 30"
Lat. N: 42º 20' 06"
- Altitude: 10-15 m. snm.
- Descripción de accesos: Estrada asfaltada que vai da igrexa parroquial de Beluso ao Cabo Udra. A 1,1 km., no cruce onde remata o tramo asfaltado, pista cara o SW á Praia de Encoradoiro. Os restos da factoría sitúanse á beira esquerda da pista (en senso descendente) a uns 180 m.

3. ADSCRIPCION:

- Cultural: Contemporáneo.
- Tipolóxica: Lugar de actividade económica (factoría).

4. CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO:

- Emprazamento topográfico: Liña de praia.
- Utilización do entorno: Explotación pesqueira e turística.

5. ESTADO ACTUAL:

- Vexetación: Monte baixo e herbal.
- Destrucións e alteracións: Só se conserva un muro perimetral, probabelmente feito recentemente.
- Tipo de propiedade: Pública.

6. MEDIDAS DE PROTECCION:

Ben Inventariado a partires da súa inclusión no PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Acoradoiro (disposición adicional segunda da lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia).

7. MATERIAIS:

Non se rexistrou o achado de materiais de carácter patrimonial en superficie no desenrolo da prospección.

8. DESCRIPCION:

(Fot.: 16)

Na superficie é visíbel unha estrutura muraria, de 54 cm. de ancho por 57 m. de longo (formando un angulo de dirección N-S / NW-SE) e cunha altura de 120-150 cm. pola cara sudoeste e de 0-50 cm. pola cara nordeste, realizada en fábrica mixta de sillería e cachotería de granito tomada con cemento, disposta en catro fiadas. Presenta rachas ou rebo de gran tamaño (de 5-20 cm.) maioritariamente de granito, con algúns de cuarzo. A

fiada superior, presenta elementos moldurados, con alto grao de erosión e probabelmente reutilizados. Cómpre destaca-la presenza puntual dalgún elemento semellante dende o punto de vista formal incluído noutras fiadas. En canto á materia prima empregada, granito, débese sinala-lo emprego diferencial dos distintos tipos segundo se trate de sillares (os máis deles moldurados), feitos en granito de gran fino, ou se trate dos cachotes (de grandes dimensións todos eles) para os que se empregou sen excepción un granito con megacristsais. O lenzo que mira ao mar presenta un derrube, no extremo sueste, e ten unha solución de continuidade por mor da construción dunhas escaleiras, con cinco chanzos feitos en cemento. En diversos puntos do espacio delimitado por estes restos, rexístrase a presenza de perpiaños -feitos en granito- exentos dos que descoñecemos-la procedencia (desmantelamento dunha estrutura anterior ou de manufactura recente).


9. OBSERVACIONES:

Malia se tratar dun ben patrimonial de carácter arqueolóxico é susceptible de ser estudado con metodoloxía arqueolóxica.

10. BIBLIOGRAFIA:

- DIAZ ALVAREZ, P.; VAZQUEZ VAZQUEZ, M. (1988):
Noticia Preliminar del Primer Horno y Alfar de Anforas Gallegas. Vigo. Pedro Díaz Alvarez Ed.

Santiago, 5 de novembro do 1.997



Asdo.: Manuel Anxo López-Felpeto
ARQUEOLOGO

DOCUMENTACION

3.1.- BIBLIOGRAFIA

ALBARRÁN PINEIRO, A. e SIMÓN, P.

- 1990-91 Inventario de Monumentos Arqueológicos de Galicia de
Aza (Pontevedra). Dirección Xeral de Patrimonio
Cultural, Xunta de Galicia. inédito.

ALVAREZ LINDELL, B.

- 1933 Provincia de Pontevedra. In: F. Carreras y Candi
(Dir.) Historia General del Reino de Galicia.
Comisión a edición de Ediciones Gallegas. A Coruña
(1980). vol. XII, p. 11.

BEJARANO BALDINO, S.

- 1989 "Los chazos: una arquitectura peculiar del siglo"
Sed. (A Coruña). Ed. de Castro. Colección del
Señorío de Pontevedra.

3.- DOCUMENTACION BIBLIOGRAFICA

CAIRO DONZALE, S. (Eds.)

- 1986 "Zona" in "Os nosos concellos. Datos municipais"
Sociedade para o desenvolvemento comercial de Galicia.
Xunta de Galicia.

CASALLO ARLEO, L. X.

- 1992 Informe Arqueológico do Praio de Rebriga, do
Concello de Aza (Pontevedra). Servicio de
Arqueología. Delegación Provincial de Consellería de
Cultura e Comunicación Social de Pontevedra. inédito.

DIAS ALVAREL, P. e VAZQUEZ VAZQUEI, A.

- 1989 Noticias Preliminares do Praio de Rebriga e do Praio de
Aforas Gallegas. Vigo. Pedro Díaz Álvarez Ed.

3.1.- BIBLIOGRAFIA

- ACUÑA PIÑEIRO, A. e GIMENO, R.
- 1990-91 *Inventario de Xacementos Arqueolóxicos do Concello de Bueu (Pontevedra)*. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia. Inédito.
- ALVAREZ LIMESSES, G.
- 1936 *Provincia de Pontevedra*; in: F. Carreras y Candí (Dir.): *Historia General del Reino de Galicia*. Consultouse a edición de Ediciones Gallegas. A Coruña (1980), vol. XII, t. 1º.
- BEJARANO GALDINO, E.
- 1986 "Los chozos: una Arquitectura Peculiar del Suido". Sada (A Coruña). Ed. do Castro. *Cuadernos del Seminario de Sargadelos*, nº 48.
- CAEIRO GONZALEZ, E. (Coord.)
- 1996 "Bueu" in "Os nosos concellos. Datos municipais". Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia. Xunta de Galicia.
- CARBALLO ARCEO, L. X.
- 1992 *Informe Arqueolóxico de Praia de Mourisca, no Concello de Bueu (Pontevedra)*. Servicio de Arqueoloxía. Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Comunicación Social de Pontevedra. Inédito.
- DIAZ ALVAREZ, P. e VAZQUEZ VAZQUEZ, M.
- 1988 *Noticia Preliminar del Primer Horno y Alfar de Anforas Gallegas*. Vigo. Pedro Díaz Alvarez Ed.

ESTEVEZ CASTRO, J. M.

- 1996 *Reconocer Bueu*. Pontevedra. Servicio de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

FARIÑA JAMARDO, X.

- 1993 "Os Concellos Galegos. Parte Especial". Vol. II, pp.: 205-220. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

FILGUEIRA VALVERDE, J. F. e GARCIA ALEN, A.

- 1955 "Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*. T. IX, pp.: 31-45.

- 1959 "Adiciones a la <<Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra>>". *El Museo de Pontevedra*. T. XIII, pp.: 19-97.

- 1975 "Adiciones a la <<Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra>>. Inventario de localidades con hallazgos paleolíticos". *El Museo de Pontevedra*. T. XXIX, pp.: 57-88.

GARCIA OLAGORTA, G. et alii

- 1996 *Aerogüfa del litoral de Galicia*. Barcelona: Editorial Planeta.

GARCIA SALINAS, F. (Dir)

- 1981 "Mapa Geológico de España, E. 1:50.000. Pontevedra, Hoja 185, 4-10". *Publicaciones del I.G.M.E.*

LOPEZ CUEVILLAS, F.

- 1955 "El comienzo de la Edad de los Metales en el Noroeste peninsular". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. T. X, fasc. XXX, pp.: 5-39.

LOPEZ-FELPETO GOMEZ, M. A.

- 1997 *Proxecto de prospección arqueolóxica. Elaboración do PEP do Espacio Natural dos Acantilados de Punta Udra e Enseadas de Tulla, Mourisca e Ancoradoiro. Parroquia de Beluso, Bueu (Pontevedra). Proxecto depositado na Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Comunicación Social de Pontevedra. Inédito.*

LORENZO FERNANDEZ, X.

- 1980 *Etnografía. Cultura Material*; in: R. Otero Pedrayo (Dir.): *Historia de Galicia*. Madrid. Akal Editor, t. II (Primera edición: Ed. Nos, Buenos Aires, 1973).

LUACES ANCA, J. F. e TOSCANO NOVELLA, M. C.

- 1988 "Arqueosub en el Atlántico: prospecciones subacuáticas en la Galicia meridional". *Traballos de Antropología e Etnología*. Vol. XXVIII, fasc. 3-4, pp.: 341-346.

MADOZ, P.

- 1845 "Voz <<Bueu>>". *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus Posesiones en Ultramar*. Consultouse a edición de A. Rodríguez Arce (1986): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de Galicia*. Santiago de Compostela. Libros Galicia, pp.: 172-173.

NAVEIRO LOPEZ, J. L.

- 1985 "Un pecio romano en Cortegada (Villagarcía de Arosa)". *Actas del II Coloquio Galaico-Minhoto*. Santiago de Compostela. Instituto Cultural Galaico-Minhoto. Xunta de Galicia, pp.: 273-283.

- 1991a "O comercio marítimo na Galicia romana: o rexistro arqueolóxico"; in: R. Valdés Blanco-Rajoy (Coordra.): *Ciclo de Conferencias de Arqueoloxía Subacuática*. Vigo. Xunta de Galicia. Escola Taller de Mergullo Científico. INEM, pp.: 21-27.

- 1991b *El Comercio Antigua en el NW Peninsular, Lectura Histórica del Registro Arqueológico*. A Coruña. Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña. *Monografías Urxentes do Museo*, nº 5.

PEÑA SANTOS, A. de la

- 1984 "Primeras prospecciones arqueológicas subacuáticas en el litoral de la provincia de Pontevedra". *Pontevedra Arqueológica*. T. I, pp.: 205-238.

RODRIGUEZ BIEMPICA, E. e PATIÑO GOMEZ, R.

- 1985 "Hallazgo de los tres primeros cepos romanos en el litoral atlántico español". *Revista de Arqueología*. Año VI, nº 51, pp.: 59-61.

TORRES LUNA, M^a. P., PEREZ FARIÑA, M^a. L. e SANTOS SOLLA, J. M.

- 1989 "Municipios y Parroquias de Galicia". *Monografías da Universidade de Santiago de Compostela*, 152. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.


4.3.- INDICE DE PLANOS

- 1.- Contexto de Área: Situación en Galicia e división parroquial.
- 2.- Espazo Natural de Punta Edra.
- 3.- Representación do Área de Intervención.
- 4.- Área de Investigación Arqueolóxica.
- 5.- Patrimonio Cultural: Situación dos bens.

4.- DOCUMENTACION GRAFICA

4.1.- INDICE DE PLANOS

- 1.- Concello de Bueu: Situación en Galicia e división parroquial.
- 2.- Espacio Natural de Punta Udra.
- 3.- Emprazamento da área de intervención.
- 4.- Area de Prospección Arqueolóxica.
- 5.- Patrimonio Cultural. Situación dos Bens.



CONCELLO DE BUEU:
SITUACION EN GALICIA



CONCELLO DE BUEU:
DIVISION PARROQUIAL.

- 1.- ILLA DE ONS, A (S. Xoaquín)
- 2.- BELUSO (Sta. María)
- 3.- BUEU (S. Martiño)
- 4.- BUEU (Núcleo urbano)
- 5.- CELA (Sta. María)
- 6.- ERMELO (Santiago)

INFORME:

PROSPECCION ARQUEOLOXICA:
Espacio natural de
PUNTA UDRA.

SITUACIÓN:

Santa María de BELUSO,
BUEU (PONTEVEDRA)

ARQUEÓLOGO:

M. ANXO LOPEZ-FELPETO
Avda. de Lugo, 105, 3º C
15.702 - SANTIAGO

ESCALA:

Gráfica

PL. ORIXE:

Anxo R. Paz (1992)

Torres Luna et al. (1989)

PL.:

1

TEXTO:

CONCELLO DE BUEU:
SITUACION EN GALICIA /
DIVISION PARROQUIAL

PROVINCIA DE PONTEVEDRA



INFORME:

PROSPECCION ARQUEOLOXICA:
Espacio natural de
PUNTA UDRA.

SITUACIÓN:

Santa María de BELUSO,
BUEU (PONTEVEDRA)

ARQUEÓLOGO:

M. ANXO LOPEZ-FELPETO
Avda. de Lugo, 105, 3º C
15.702 - SANTIAGO

ESCALA:

PL. ORIXE:


DOGA 1990/01/24,
nº 17, p. 646

PL.:

2

TEXTO:

ESPACIO NATURAL DE
PUNTA UDRA



Equidistancia entre curvas de nivel: 200 metros

0 60 Km

INFORME:

PROSPECCION ARQUEOLOXICA:
Espacio natural de
PUNTA UDRA.

SITUACIÓN:

Santa María de BELUSO,
BUEU (PONTEVEDRA)

ARQUEÓLOGO:

M. ANXO LOPEZ-FELPETO
Avda. de Lugo, 105, 3º C
15.702 - SANTIAGO

ESCALA:

Gráfica

PL. ORIXE:


Anxo R. Paz (1992)

PL.:

3

TEXTO:

EMPRAZAMENTO
AREA DE INTERVENCION



INFORME:

PROSPECCION ARQUEOLOXICA:
Espacio Natural de
PUNTA UDRA

SITUACIÓN:

Santa María de BELUSO
BUEU (PONTEVEDRA)

ARQUEÓLOGO:

M. ANXO LOPEZ-FELPETO
Avda. de Lugo, 105, 3ºc
15.702 - SANTIAGO

ESCALA:

1:20.000

PL. ORIXE:

C.O.T.
(Xunta de Galicia)
Follas 185-41, 223-11

PL.:

4

TEXTO:

AREA DE PROSPECCION
ARQUEOLOXICA



INFORME:

PROSPECCION ARQUEOLOXICA:
Espacio Natural de
PUNTA UDRA

SITUACIÓN:

Santa María de BELUSO
BUEU (PONTEVEDRA)

ARQUEÓLOGO:

M. ANXO LOPEZ-FELPETO
Avda. de Lugo, 105, 3º C
15.702 - SANTIAGO

ESCALA:

1:20.000

PL. ORIXE:

C.O.T.
(Xunta de Galicia)
Follas 185-41, 223-11

PL.:

5

TEXTO:


PATRIMONIO CULTURAL.
SITUACION DOS BENS.

PATRIMONIO ARQUEOLOXICO:

- 1.- Castro Udra
- 2.- Pecio Punta Udra
- 3.- Villa Praia Mourisca
- 4.- Chan de Encoradoiro/Puzo/Con

PATRIMONIO ETNOGRAFICO:

- 5.- Abrigos Praia Encoradoiro
- 6.- Bateria de costa "J-2"
- 7.- Factoría Salgado Praia Mourisca
- 8.- Factoría Salgado Praia Encoradoiro



INFORME:

PROSPECCION ARQUEOLOXICA:
Espacio Natural de
PUNTA UDRA

SITUACIÓN:

Santa María de BELUSO
BUEU (PONTEVEDRA)

ARQUEÓLOGO:

M. ANXO LOPEZ-FELPETO
Avda. de Lugo, 105, 3º C
15.702 - SANTIAGO

ESCALA:

1:20.000

PL. ORIXE:

C.O.T.
(Xunta de Galicia)
Follas 185-41, 223-11

PL.:

5

TEXTO:

PATRIMONIO CULTURAL.
SITUACION DOS BENS.

PATRIMONIO ARQUEOLOXICO:

- 1.- Castro Udra
- 2.- Pecio Punta Udra
- 3.- Villa Praia Mourisca
- 4.- Chan de Encoradoiro/Puzo/Con

PATRIMONIO ETNOGRAFICO:

- 5.- Abrigos Praia Encoradoiro
- 6.- Bateria de costa "J-2"
- 7.- Factoría Salgado Praia Mourisca
- 8.- Factoría Salgado Praia Encoradoiro




● PATRIMONIO ARQUEOLÓGICO:

- 1.- Castro Udra
- 2.- Pécio Punta Udra
- 3.- Villa Praia Mourisca
- 4.- Chan de Encoradoiro/Puzo/Con

● PATRIMONIO ETNOGRÁFICO:

- 5.- Abrigos Praia Encoradoiro
- 6.- Bateria de costa "J-2"
- 7.- Factoría Salgado Praia Mourisca
- 8.- Factoría Salgado Praia Encoradoiro



Encosta
de Vilarinho



● PATRIMONIO ARQUEOLOGICO:

- 1.- Castro Udra
- 2.- Pecio Punta Udra
- 3.- *Villa* Praia Mourisca
- 4.- Chan de Encoradoiro/Puzo/Con

● PATRIMONIO ETNOGRAFICO:

- 5.- Abrigos Praia Encoradoiro
- 6.- Bateria de costa "J-2"
- 7.- Factoria Salgado Praia Mourisca
- 8.- Factoria Salgado Praia Encoradoiro

4.2.- INDICE DE FOTOGRAFIAS

- 1.- Castro de Udra. Vista xeral NE.
- 2.- Castro de Udra. Vista xeral N.
- 3.- Pecio de Punta Udra. Area aproximada de ubicación. Vista SE, dende Punta Udra.
- 4.- *Villa* de Praia de Mourisca. Vista NE.
- 5.- Area de Chan de Encoradoiro-Puzo-Con. Lugar do achado do fragmento cerámico E-1/97. Vista NW.
- 6.- Area de Chan de Encoradoiro-Puzo-Con. Vista xeral N-NE.
- 7.- Abrigo I da Praia de Encoradoiro. Vista N.
- 8.- Abrigo II da Praia de Encoradoiro. Vista W.
- 9.- Abrigo III da Praia de Encoradoiro. Vista E-SE.
- 10.- Bateria Militar de Costa "J-2". Frontis que coroa o pozo de auga co indicativo da mesma. Detalle, vista NW.
- 11.- Bateria Militar de Costa "J-2". Vista parcial E, dende a aba de Castro Udra.

- 12.- Bateria Militar de Costa "J-2". Posto de mando e dirección de tiro. Vista NW.
- 13.- Bateria Militar de Costa "J-2". Forna no acceso ás instalacións. Vista SE.
- 14.- Fábrica de Salgado de Praia de Mourisca. Vista NE, dende a praia.
- 15.- Fábrica de Salgado de Praia de Mourisca. Vista parcial SE.
- 16.- Fábrica de Salgado de Praia de Encoradoiro. Vista xeral NW.
- 17.- Falso sartego antropomorfo do Monte Carafixo. Afloramento soporte, vista xeral NE.
- 18.- Falso sartego antropomorfo do Monte Carafixo. Detalle. Vista NW.

1




2



3



4




5



6



7




8




9



10






13




14



15



16





DEPOSITO
DE
MATERIAIS

Museo de Pontevedra

En esta fecha D. MANUEL-ANXO LOPEZ-FELPETO GOMEZ, Director de la prospección arqueológica en el ámbito del Plan Especial de Protección del Espacio Natural de Punta Udra y Ensenadas de Tulla, Mourisca y Ancoradoiro (Bueu), entrega, en calidad de DEPOSITO, en este Museo los materiales arqueológicos (fragmentos cerámicos) que figuran en la relación adjunta, de acuerdo con la resolución de la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de fecha 15 de octubre de 1997.

Pontevedra, 4 de noviembre de 1997
RECIBE:

ENTREGA:

Fdo.- Manuel A. López-Felpeto
DNI nº 33.849.495-G
Av. de Lugo, 105 - 3º C
15702 - SANTIAGO

PO

Fdo.- Juan Carlos de la Vega
Administrativo
MUSEO DE PONTEVEDRA